



# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



Departamento de Orientación  
IES Salvador de Madariaga



## ÍNDICE

0. **Introdución.**
1. **Xustificación baseada no contexto**
2. **Identificación e valoración das necesidades**
3. **Determinación dos obxectivos**
4. **Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade**
5. **Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**
6. **Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro**
7. **Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e co centro adscrito**
8. **Liñas de colaboración coas nais, país ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro**
9. **Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias**
10. **Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan**



## INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada un dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esta diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na persoalización da educación en cada un dos alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

### FUNDAMENTOS LEGAIS.

A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, modificada pola **Lei 3/2020 do 29 de decembro** que desenvolve as medidas que permiten seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

O título II da referida Lei orgánica 2/2006, dedicado á equidade na educación, establece que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos eles.

O **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 de Educación, concibe a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas accións implican a toda a comunidade



educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos e cada un dos alumnos e alumnas do centro educativo.

Este mesmo Decreto, na sección 3, artigos do 10 ao 14, regula o Plan Xeral de Atención á Diversidade, que se define como o plan no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Todo este contido relacionado coa atención á diversidade vese desenvolvido, de xeito máis recente, na **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve este mesmo Decreto 229/2011 do 7 de Decembro.

**OUTRAS REFERENCIAS LEXISLATIVAS** que hai que ter en conta á hora de deseñar e implementar o presente documento son as seguintes:

**Decreto 86/2015 do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Orde 6 de setembro de 2007**, pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

**Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a posterior **Orde do 24 de xullo de 1998** que o desenrola.

**Circular 9/1999** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria.

**Circular 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, po la que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de educación secundaria obrigatoria.

**Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as



accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

**Resolución do 14 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera.

**Decreto 324/1996, do 26 de xullo** do regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria así como a **Orde do 1 de agosto de 1997** pola que se ditan instrucións para o seu desenvolvemento.

**Decreto 107/2014 do 4 de setembro**, polo que ese regula a FPB en Galicia, e a **Orde do 13 de xullo de 2015** pola que se regula o acceso e admisión.

**Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa.

**Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

## **1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

O IES Salvador de Madariaga está situado moi preto da praia de Riazor, no Paseo de Ronda, nunha zona onde hai varios centros educativos máis, de todos os niveis, e tamén de carácter público e concertado. Podemos dicir que está situado nunha área de forte peso educativo na que converxen tamén a Universidade Nacional de Educación a Distancia, a Escola Oficial de Idiomas, os Conservatorios de Música, o Centro Universitario de Riazor, a Escola Superior de Náutica, a Biblioteca Universitaria, a NORMAL (espazo de intervención cultural da Universidade de A Coruña) así como dous CEIPS (o Prácticas e o Emilia Pardo Bazán, ambos adscritos ao noso IES) e o Instituto Rafael Dieste.

A raíz do crecemento da cidade, coa creación do polígono de vivendas de “Los Rosales”, tanto o noso centro como o CEIP adscrito Emilia Pardo Bazán, experimentaron unha transformación no seu alumnado. En principio, o IES Salvador de Madariaga acollía a



alumnos de toda a cidade e paulatinamente, foi escolarizando a alumnos das zonas de influencia do mesmo que viven no barrio de Los Rosales. Por outra banda, dado que a zona está moi ben comunicada por autobuses urbanos, moitos alumnos de outras partes da cidade e mesmo de municipios limítrofes solicitan praza no noso IES.

Ademais, ata o curso 2020-2021 tivemos ESA e Bacharelato de adultos. No seguinte curso 2021-2022 só bacharelato de adultos.

En xeral, pódese afirmar o carácter urbano do seu alumnado e a pertenza a unha clase social e cultural de nivel medio e medio-baixo.

Nos últimos anos, vimos observando o incremento na incorporación de alumnado inmigrante de distinta procedencia: Sudamérica, China, Armenia, Senegal, Romanía, Rusia, etc. En moitos casos, son alumnos que xa se escolarizaron no noso país na etapa de Educación Primaria, polo que se pode dicir que están plenamente integrados no sistema educativo español. Pero cada vez e con maior frecuencia, se matriculan alumnos de novo ingreso no sistema educativo español que experimentan diversos desfases tanto no nivel curricular como na aprendizaxe da lingua galega. Ademais, tamén hai un importante número de alumnos que naceron no noso país pero son fillos de estranxeiros, son inmigrantes de segunda xeración que, pese a ser españois, atópanse nun mundo no que a cultura da súa familia non é a maioritaria.

Por último, o feito de que o noso IES imparta o Bacharelato de Artes Escénicas, inflúe na matriculación de alumnos de toda a contorna de A Coruña.

É necesario indicar que na zona do noso instituto hai centros ordinarios de escolarización preferente a alumnado con necesidades educativas especiais (de agora en diante NEEs), situación esta que xustifica a súa mellor dotación de recursos para atender as necesidades do alumnado NEAE (Necesidades específicas de apoio educativo) e NEE. Este feito afecta ao noso instituto, xa que as familias do alumnado con maiores necesidades educativas que pertencen aos centros adscritos, soen optar por matricular aos seus fillos neste centro con maiores recursos de atención á diversidade.



## **2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES**

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite una educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. Sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006 de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020,29 de decembro, deberá axustarse, segundo o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, desenvolvido pola Orde 8 de setembro de 2021, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

### **PROCEDEMENTOS PARA A VALORACIÓN DE NECESIDADES.**

#### **2.1.- ÁMBITO ACADÉMICO**

A identificación e valoración das necesidades, o que fundamenta o traballo de atención á diversidade, comeza no coñecemento do alumnado individualmente a través de:

- Reunión co Departamento de Orientación e titores de 6º EP do centros adscritos, CEIP Emilia Pardo Bazán e CEIP de Prácticas, para realizar unha análise conxunta do alumnado que se vai incorporar ao noso centro.
- A análise do seu expediente escolar e outros documentos anexos ao mesmo (avaliacións psicopedagóxicas, informes do profesor/a de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, atención educativa e/ou psicopedagóxica externa ao centro de referencia, informes médicos, condicións sociofamiliares, etc.).
- A avaliación inicial que se realizará na data proposta polo equipo directivo do centro. Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle una avaliación inicial por parte do equipo docente. Se se detectan



carencias no seu proceso de aprendizaxe, derivarase ao servizo de orientación para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

- Xuntanzas ordinarias de avaliación
- Calquera outro momento no que sexan detectadas necesidades específicas.
- As pertinentes entrevistas cos pais, nais e ou titores/as legais axudarán á toma de decisións respecto á resposta educativa máis axeitada ás necesidades educativas dos alumnos a fin de que acaden os fins da escolaridade.

## **2.2.- ÁMBITO EMOCIONAL**

Outra necesidade educativa importante son os problemas emocionais, que intentarán detectarse o antes posible a través de:

- Observación por parte do equipo docente (profesorado, titores/as...) do alumnado.
- Demanda de axuda por parte do alumnado ao Departamento de Orientación e/ou titores/as.
- Información da familia (pais, nais e/ou titores/as legais)
- Informes médicos (pediatría, saúde mental...)

## **2.3.-ÁMBITO SOCIO-FAMILIAR**

Outra necesidade implícita nesta formulación e detectada neste centro é a de implicar aos pais, nais e titores/as legais do alumnado na tarefa educativa e o desenvolvemento persoal e social dos seus fillos e fillas, asistindo ás reunión e/ou entrevistas ás que son convocados, comunicando ao centro incidencias que poidan estar influíndo na boa integración dos seus fillos ou titorandos.





Tamén é necesario destacar a importancia do contacto e colaboración cos Servizos Sociais da zona que atendan ás familias, así como ás asociacións ás que en moitos casos acode o noso alumnado.

### **3.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS**

Unha vez delimitado o obxectivo fundamental deste plan, que reside en identificar as necesidades educativas e articular os medios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional posible, temos que delimitar os obxectivos xerais. Teremos como referente básico a permanencia do alumnado na aula ordinaria como eixe principal de coordinación na resposta educativa a este alumnado (tal e como se indica no Decreto 229/2011, artigo 4.5. e desenrola a Orde 8 de setembro de 2021: “priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores”)

#### **OBXECTIVOS XERAIS DE ACTUACIÓN NA DIVERSIDADE:**

1. Prever e detectar de **xeito temperán** as necesidades educativas do noso alumnado. Os problemas de aprendizaxe hai que detectalos e tomar medidas axeitadas o antes posible, medidas que faciliten orientacións metodolóxicas, criterios e procedementos de avaliación e estratexias para o seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe.
2. Establecer canles de colaboración entre todos os implicados na atención do alumnado con necesidades de atención educativa.
3. Fomentar a **participación das familias** no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
4. Favorecer a **inclusión escolar e persoal** efectiva nas súas aulas de referencia, cos compañeiros e profesorado e no centro educativo en xeral.
5. Recoñecer e respectar as **peculiaridades** e necesidades do alumnado, no convencemento de que estas son diversas e esixen unha resposta personalizada.



6. Previr o **abandono** do sistema educativo, a inadaptación e/ou fracaso escolar.
7. **Asesorar** ao profesorado e familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe para garantir unha resposta educativa personalizada e especializada.
8. Prestar os **reforzos e apoios** especializados a aquel alumnado que o requira, dando respostas educativas, organizativas e curriculares, adaptadas ás diversas características individuais que presenta o alumnado referidas a capacidades, motivacións, intereses, estilos ou ritmos de aprendizaxe.
9. Concretar e desenvolver os **principios de atención á diversidade** nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro: horarios, recursos materiais e persoais, etc.
10. Optimizar a organización dos **recursos do centro** para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular de aquel con necesidades específicas de apoio educativo (facilitando a posta en marcha de todas as medidas educativas contempladas na lexislación vixente e as que faremos referencia nun apartado posterior).
11. Impulsar a participación do profesorado en **actividades de formación e innovación**, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

#### **4.-DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O **Decreto 229/2011**, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece na Sección 2ª que as medidas educativas serán de dous tipos: medidas **ordinarias e extraordinarias**.

Pola súa banda, a **Orde de 8 setembro de 2021**, que o desenvolve, indica que esas medidas serán as seguintes:



## **A.- MEDIDAS ORDINARIAS**

No marco do Decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

As medidas de atención ordinaria á diversidade que implementaremos no noso centro unha vez avaliadas as necesidades, son as seguintes:

### **1.-Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado (Artigo 43)**

A dirección do centro, co asesoramento dos departamentos, determinará os agrupamentos de alumnos/as nos diferentes niveis seguindo dentro do posible criterios de carácter pedagóxico e organizativos, en función das necesidades do alumnado e da dispoñibilidade de recursos materiais e persoais.

Na organización do curso académico a atención á diversidade será prioritaria á hora de adxudicación de profesorado, espazos e recursos en xeral.

Todas as aulas están dotadas de diversos medios técnicos (pizarra dixital e ordenador...)

Nunha situación ordinaria, a distribución das aulas é a seguinte:

- No 1º piso están os primeiros, segundos e terceiros da ESO e na segunda planta están os cuartos e bacharelato (nembargantes, debido á situación de alerta sanitaria dos últimos cursos esta distribución viuse afectada).



- As aulas específicas, a biblioteca e o ximnasio están na planta baixa. Tamén hai aulas específicas no primeiro piso (laboratorio de ciencias) e no segundo (aula de informática e de educación plástica e visual).
- Os grupos de reforzo e agrupamentos asisten ás aulas chamadas de “desdobres”, que son máis pequenas, situadas en cada planta do instituto.
- Tamén hai un aula de apoio onde a profesora de PT imparte clase, sempre que o número de alumnos llo permita.

## **2.-Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado (Artigo 44)**

Os departamentos determinarán, nas correspondentes programacións didácticas, os obxectivos e contidos básicos da materia que constituirán a base para determinar e realizar os reforzos, tanto na aula con todo o alumnado como a nivel individual ou en pequenos grupos.

## **3.-Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión (Artigo 45)**

As liñas metodolóxicas definitivas no proxecto educativo, que guiarán a elaboración das programacións didácticas, deben ser o garante da inclusión e dos axustes necesarios á realidade de cada alumna e alumno.

O profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumno/a deben facer da súa propia aprendizaxe.

## **4.-Adaptación dos tempos, dos instrumentos ou procedementos de avaliación (Artigo 46)**

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu



alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con NEAE.

### **5.- Aulas de atención educativa e convivencia (Artigo 47)**

- As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas que se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.
- Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá do tempo que dure a sesión lectiva na que se producise a conduta inadecuada. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.
- O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais.
- As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.
- A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

Para atender estas aulas, a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.



## **6.-Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (Artigo 48)**

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

Estas medidas debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a materia en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar á xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a materia. En determinados casos, este profesorado poderá contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo.

Figurará no expediente académico como *reforzo educativo* (e no Sistema XADE en amarelo).

## **7- Programas de enriquecemento curricular (Artigo 49)**

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inxedanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.



As persoas especialistas en altas capacidades intelectuais dos equipos de orientación específicos, no contexto da súa función de asesoramento, darán a coñecer aos departamentos de orientación pautas sobre programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Estes programas deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

### **8.-Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar (Artigo 51)**

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.



- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

### **9-Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso (Artigo 52)**

Cando unha alumna ou un alumno permaneza un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.





En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### **10.- Programas de habilidades e competencias sociais. (Artigo 53)**

As competencias e as habilidades sociais, representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, os centros docentes desenvolverán programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado, nos que se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as materias e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

Igualmente, de conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como



consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Estes programas formarán parte do Plan xeral de atención á diversidade, e o seu seguimento e a súa avaliación realizaraos o departamento de orientación, xunto co devandito plan.

### **11.-Exención da 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (RE).**

Seguindo a Orde 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 5.f, o alumnado dos cursos 1º e 2º que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do D.O. no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.

No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídos as nais, país ou titores legais do alumnado afectado pola medida.

A dirección velará para que:

- As persoas titoras de **6º de EP elaboren un informe** dos alumnos que a xunta de avaliación propón para o programa de reforzo en 1º de ESO, no que expliciten a decisión da exención. (Coordinación do DO co centro adscrito)
- Na sesión de avaliación inicial, poderase propoñer novo alumnado que non veña con informe do centro adscrito, se as súas necesidades o apoian e logo da avaliación do equipo docente.



- O mesmo farán as persoas titoras do **alumnado repetidor de 1º e 2º** de ESO proposto para cursar o programa de reforzo no curso seguinte, una vez escoitados os profesores de LGL, LCL, inglés, francés e alemán que lle imparten docencia ao alumno/a.
- No caso de alumnado de nova incorporación ao centro ou de incorporación tardía, tal decisión tomarase na **avaliación inicial**, tendo que elaborar a persoa titora o preceptivo informe en colaboración con co Departamento de Orientación, ou no momento do seu ingreso.

## **B.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

A orde 8 de setembro de 2021 indica que, de conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas *aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización*. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a **autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa**, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, as medidas extraordinarias son as seguintes:

### **1.- Adaptacións curriculares (Artigo 55)**

As adaptacións curriculares son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan ao elemento prescritivos do currículo.



Van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Suporán a **modificación**, a **ampliación**, a **redución** ou a **supresión** de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo e axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.

Para a súa elaboración partirase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estea matriculado, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da **avaliación psicopedagóxica** e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha **reunión** á que deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica



e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da **proposta de adaptación** de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A xefatura do departamento de orientación conformará o **expediente da adaptación** e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase **antes da finalización do mes de novembro**, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo Servizo Territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirles a promoción ou titulación.



A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estean escolarizados o alumno ou a alumna.

Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

## **2.-Agrupamentos flexibles (Artigo 56)**

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en **agrupamentos temporais** de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada, e ao que a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou alumno poderán derivarse a máis dun grupo flexible, sempre que non



se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles non suporán a ampliación de unidades do centro docente, por tratarse de agrupamentos temporais de carácter voluntario, nin incremento na dotación de profesorado do centro docente, polo que, de ser o caso, deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, con aquel que conte coa especialidade da área ou da materia e que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento flexible.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de **dez**.

A proposta de conformación dun agrupamento flexible realizarase de acordo co procedemento seguinte:

a) Convocatoria dunha **reunión**, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, da extraordinaria, á que asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou nas materias que poderían ser obxecto de agrupamento flexible.

b) **Informe do profesorado titor** sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.

c) **Informe da xefatura do departamento de orientación** sobre as circunstancias do alumnado proposto para o agrupamento.

d) **Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais** sobre a medida e a súa conformidade expresa. O traslado desa información e a obtención da conformidade correrán a cargo do profesorado titor.

Durante o mes de setembro, a dirección do centro docente solicitará ao **Servizo Territorial de Inspección Educativa a autorización** do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:



- a) As áreas ou as materias que se impartirán no agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas, considerando as competencias que o alumnado non ten adquiridas e se consideran necesarias para acadar as aprendizaxes requiridas no curso de referencia.
- b) A relación do alumnado seleccionado, con indicación dos criterios de selección e das medidas ordinarias aplicadas a cada alumna ou alumno.
- c) O horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento flexible.
- d) A relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.
- e) O procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da área ou da materia do grupo ordinario, de ser o caso.
- f) A conformidade expresa das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado afectado.

No caso de alumnado de **nova incorporación** ao centro docente, a decisión adoptarase tendo en conta a información achegada polo departamento de orientación do centro de procedencia, ou, de ser o caso, logo de realizada a avaliación inicial, e seguindo o procedemento descrito nos puntos anteriores deste artigo.

De igual xeito procederase para a incorporación de novo alumnado logo de constituídos os agrupamentos flexibles. A proposta de incorporación, de ser o caso, realizarase ata o mes de xaneiro, incluído.

A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou a materia no devandito agrupamento.

Ao remate do curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou as materias do agrupamento, elaborará un **informe individualizado** de cada alumna ou alumno que participara nel, no que se indicará a efectividade da medida, así como a proposta sobre a continuidade, se procede, no curso seguinte.





A participación dunha alumna ou dun alumno nun agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación.

Calquera modificación da configuración dos agrupamentos flexibles será comunicada pola dirección do centro ao Servizo Territorial de Inspección Educativa

### **3.-Apoyo do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (Artigo 57)**

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, **sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.**

O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica realizará as seguintes funcións específicas:

a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

b) Prestar **atención** docente **directa** ao alumnado, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os **programas de intervención** para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) **Colaborar**, de ser o caso, **na elaboración das adaptacións curriculares** do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a **inclusión** da diversidade do alumnado.



f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un **informe individual** de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e , que se incluírá no seu expediente.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

**A atención docente directa** por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica realizarase, con carácter xeral, **dentro da aula ordinaria** do alumnado ao que apoia. **Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.**

Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna ou alumno, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na que incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.
- b) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio.
- c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
- d) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A memoria entregáraselle á xefatura do departamento de orientación para a incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.



#### **4.-Flexibilización da duración do período de escolarización en educación secundaria obrigatoria (Artigo 58)**

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considérase a redución dun ano escolar independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia nas etapas anteriores. Esta redución non poderá afectar o derradeiro curso desa etapa.

O procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización en educación secundaria obrigatoria, é o seguinte:

a) Solicitud da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

1. Informe do profesorado titor, no que se xustifique a necesidade desa medida.
2. Informe psicopedagóxico, no que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.
3. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno
4. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.
5. Proposta de adaptación do currículo

b) A documentación anterior, xunto co informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, será remitida pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen lle corresponde autorizar, de ser o caso, a flexibilización

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por redución do período de escolarización en educación secundaria obrigatoria, son os que seguen:



a) O mes de **marzo**, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de **abril**, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

c) O mes de **xuño**, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que proceda e as comunique ás direccións dos centros docentes, debendo estas trasladalas ás persoas interesadas.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse a ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos dezanove anos de idade, no caso de centros docentes ordinarios. O límite de idade enténdese referido ao ano natural en que finaliza o curso escolar.

O procedemento para se acoller ás flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado en educación secundaria obrigatoria é o que segue:

a) Solicitud da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:

1. Informe do profesorado titor, no que se xustifique a necesidade desa medida.
2. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no que se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptada
3. Conformidade expresa da nai, do pai, ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.
4. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.
5. Proposta de adaptación do currículo

b) A documentación anterior, xunto co informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, será remitida pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde autorizar a flexibilización.



Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado en educación secundaria obrigatoria, que deben tramitarse logo de realizada a avaliación extraordinaria, son os que seguen:

a) Dentro dos cinco días naturais seguintes á sesión de avaliación da alumna ou do alumno: solicitude da dirección do centro docente dirixida á xefatura territorial que corresponda.

b) Dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da solicitude: traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, por parte da Xefatura Territorial, da solicitude de flexibilización.

c) Dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da documentación procedente da Xefatura Territorial: resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e comunicación á dirección do centro docente, e esta deberá trasladala ás persoas interesadas.

O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través dunha aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### **5.-Flexibilización da duración do periodo de escolarización en bacharelato (Artigo 59)**

O alumnado poderá flexibilizar a duración do período de escolarización do bacharelato mediante a redución ou a ampliación da permanencia nesta etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.

O alumnado con **altas capacidades intelectuais** poderá reducir a duración das ensinanzas de bacharelato a un curso escolar, para o que terá que realizar as probas extraordinarias de avaliación do primeiro curso desas ensinanzas, logo de solicitude á dirección do centro.

O procedemento para autorizar a realización das probas extraordinarias de avaliación, que serán as mesmas que as que se lle apliquen ao alumnado que cursou o primeiro curso e ten materias sen superar logo da avaliación final ordinaria, é o que segue:



a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado interesado presentarán unha solicitude de participación na proba extraordinaria de avaliación do primeiro curso de bacharelato, para a posible flexibilización, ante a dirección do centro docente onde foi admitido, ou de non ser o caso no centro solicitado en primeira opción no proceso de admisión, para cursar estudos de bacharelato e dentro dos dous días hábiles seguintes á sesión de avaliación final ordinaria de cuarto de educación secundaria obrigatoria, e achegarán a documentación que xustifique os seguintes requisitos:

1. Acreditación, polos servizos de orientación dependentes da Administración educativa, como alumnado con altas capacidades intelectuais
2. Certificación académica do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria na que conste unha cualificación media de nove ou superior.
3. A directora ou director do centro que reciba a solicitude autorizará a realización da proba extraordinaria de avaliación se cumpre os requisitos indicados no punto anterior.

O **procedemento** para autorizar a flexibilización é o que segue:

a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado autorizado á realización da proba á que se refire o punto anterior e que cumpra os criterios de promoción ao segundo curso de bacharelato poderán presentar unha solicitude de flexibilización ante a dirección do centro docente no que realizaron as probas, dentro dos dous días hábiles seguintes á celebración da sesión de avaliación extraordinaria.

b) A dirección do centro docente, dentro dos cinco días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes de flexibilización, trasladará á xefatura territorial que corresponda as solicitudes presentadas, xunto coa seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos
2. Copia da acta de avaliación extraordinaria.

c) A documentación anterior, xunto co informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, será remitida pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

d) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da documentación procedente da Xefatura Territorial,



resolverá e comunicará a resolución á dirección do centro docente, e esta deberá trasladala ás persoas interesadas.

O alumnado con **necesidades educativas especiais** que curse ensinanzas de bacharelato poderá ampliar a permanencia nesta etapa fragmentando os seus cursos por materias. Neste caso, poderá optar á ampliación extraordinaria dun curso máis por cada un dos dous cursos académicos, non superando a permanencia total de seis anos nestas ensinanzas. O procedemento para se acoller á fragmentación de cada un dos dous cursos de bacharelato é o que segue:

a) Solicitud de da dirección do centro docente, logo de comezado o curso académico, antes de finais de outubro e ante as dificultades de aprendizaxe detectadas polo equipo docente, á xefatura territorial correspondente, xunto coa seguinte documentación:

1. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo profesorado titor.
2. Informe dos servizos de orientación, no que se acrediten as necesidades educativas especiais e se propoña esa medida.
3. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais, no caso de alumnado menor de idade, ou da alumna ou do alumno se é maior de idade.
4. Copia do historial académico da alumna ou do alumno.
5. Proposta da nova distribución temporal para cursar as ensinanzas de bacharelato.

b) A Xefatura Territorial solicitará informe ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e trasladará este, xunto co resto da documentación recibida, á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

c) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adoptará a decisión que proceda, e comunicará á dirección do centro docente, quen informará a alumna ou o alumno afectados.

d) A solicitude e a autorización da fragmentación realizarase, de ser o caso, para cada un dos dous cursos de bacharelato.

e) O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través da aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



A nota media da etapa de bacharelato para o alumnado que flexibilizou esa etapa calcularase segundo o disposto con carácter xeral para o resto de alumnado.

O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través da aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

## **6.-Programas de diversificación curricular. (Artigo 60)**

Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e unha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria polo alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o que, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do devandito título.

Nestes programas empregarase unha metodoloxía específica que permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

Os programas de diversificación curricular organizaranse nos ámbitos de coñecemento que o Goberno e as administracións educativas definan, de conformidade co establecido no artigo 27.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A duración dos programas de diversificación curricular será de dous cursos.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco, e terán un grupo ordinario de referencia, no que cursarán as materias non incluídas nos ámbitos de coñecemento do programa de diversificación curricular.





O procedemento para a incorporación aos programas de diversificación curricular é o seguinte:

a) Logo de realizada a avaliación final ordinaria, o equipo docente realizará unha proposta provisional do alumnado que se podería incorporar ao programa, o que permitirá á xefatura do departamento de orientación realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.

b) Despois da avaliación final extraordinaria, o equipo docente realizará a proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa de diversificación curricular.

c) O profesorado titor elaborará un informe individualizado do alumnado que se podería incorporar ao programa, que será remitido ao departamento de orientación e que deberá constar, como mínimo, de:

1. A competencia curricular do alumnado en cada materia
2. As dificultades de aprendizaxe detectadas.
3. As medidas de atención á diversidade aplicadas previamente
4. Os motivos polos que o equipo docente considera conveniente a súa integración no programa de diversificación curricular.

d) A xefatura do departamento de orientación elaborará un informe por cada alumna ou alumno, no que se incluírán as conclusións sobre o informe do profesorado titor, as da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumno ou da alumna, e a destes mesmos sobre a medida proposta.

e) Posteriormente, unha comisión formada polo xefe ou a xefa de estudos, que exerce a súa presidencia, o xefe ou a xefa do departamento de orientación e o profesor ou a profesora titor ou titora da alumna ou do alumno valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado, e realizará unha proposta á dirección do centro sobre a súa incorporación ao programa de diversificación curricular.

f) A dirección do centro elevará a proposta de incorporación do alumnado ao programa de diversificación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente, na que se reflectirá a relación de alumnado proposto e de profesorado



que vai impartir cada ámbito de coñecemento do programa, xunto co resto de documentación do procedemento.

g) O Servizo Territorial de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de diversificación curricular que cumpran os requisitos establecidos nesta orde, que será comunicada ao centro docente antes do inicio das actividades lectivas.

Cada ámbito de coñecemento será impartido por unha única profesora ou un único profesor, pertencentes aos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora que se coordinará co profesorado titor do grupo de referencia e co resto do profesorado que imparta docencia no programa. Esta persoa será designada pola dirección do centro docente de entre o profesorado que imparta algún dos ámbitos de coñecemento do programa e exercerá, se é posible, o tempo de duración do programa.

A avaliación do alumnado nos ámbitos de coñecemento que conforman o programa será continua e diferenciada, e terá como referentes os obxectivos de etapa e as competencias da educación secundaria obrigatoria.

### **7.-Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente. (Artigo 62)**

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente no que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo, as medidas específicas seguintes:



- **Atención educativa domiciliaria.**

De conformidade co artigo 25.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes.

Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A prestación da atención educativa domiciliaria someterase a unha revisión, como mínimo, en cada avaliación, co obxectivo último da reincorporación do alumnado ao ensino presencial, de xeito gradual ou parcial, se así se determina.

O **procedemento** para acceder a esta atención educativa é o que segue:

1. Solicitud da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado á dirección do centro docente, xunto co correspondente informe dos servizos sanitarios no que conste a conveniencia desta atención, así como, cando menos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberán convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión.
2. Informe da dirección do centro docente respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención educativa
3. Traslado á xefatura territorial correspondente dos documentos referidos nas dúas alíneas anteriores, por parte da dirección do centro docente e nun prazo máximo de cinco días desde a recepción da solicitude.
4. A Xefatura Territorial, á vista dos documentos anteriores e logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, adoptará a resolución que proceda, nun prazo máximo de cinco días. Esa resolución, que non poderá exceder dun curso académico e concretará a máxima asignación horaria e a duración desta atención, comunicaráse ao centro docente, quen informará a nai, o pai ou as persoas titoras legais da alumna ou do alumno. Cando a situación de convalecencia da alumna ou do alumno se prolongue máis alá do curso académico, a continuidade da atención educativa domiciliaria requirirá unha nova solicitude e autorización.



O profesorado nomeado especificamente para a atención educativa domiciliaria dependerá orgánicamente dos centros docentes públicos que determine a Xefatura Territorial. Poderase proporcionar esta atención educativa a través dunha profesora ou dun profesor do centro docente ao que pertencen a alumna ou o alumno, preferentemente o seu titor ou a súa titora, se a súa participación ten carácter voluntario e non implica incremento de persoal do centro.

O profesorado da atención educativa domiciliaria, tendo en conta a programación do correspondente ciclo ou nivel e un informe da situación académica do alumnado, facilitada polo profesorado titor da alumna ou do alumno, elaborará, en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, un programa individualizado de atención educativa que desenvolverá coa alumna ou co alumno durante o período de tempo no que non poida asistir ao centro docente, que, con carácter xeral, terá unha consideración trimestral, de xeito que se realice o seu seguimento e posibles axustes coincidindo con cada sesión de avaliación. Neste programa deberán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporalización e revisión, que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado.

A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de atención educativa domiciliaria, a quen trasladará, recadadas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporalización.

O profesorado de atención educativa domiciliaria emitirá, con frecuencia mensual, cando o tempo desa atención sexa superior a un mes, ou previo a cada avaliación, un informe relativo ao desenvolvemento desa atención.

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro onde estea matriculado e desenvolverase segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.



O alumnado autorizado para recibir atención educativa domiciliaria considerárase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

A atención educativa domiciliaria poderá prestarse de xeito presencial no domicilio, mediante atención virtual ou mixta, tendo en consideración o nivel educativo no que se atope escolarizado o alumnado, a dispoñibilidade de recursos por parte da familia e o benestar do menor, o que posibilitará unha reincorporación máis eficaz ao centro docente, xa que nesta atención virtual ou mixta é recomendable que participe o profesorado do centro docente onde se atope escolarizado o alumnado.

A nai, o pai ou as persoas titoras legais dese alumnado garantirán a presenza no domicilio dunha persoa adulta responsable durante o tempo de intervención, presencial ou virtual, do profesorado e facilitarán as condicións axeitadas para esa intervención. Igualmente, proporcionarán a información que demande a Administración educativa.

Ao finalizar cada curso, o profesorado de atención educativa domiciliaria elaborará unha memoria onde se recollerá unha valoración da atención educativa levada a cabo, así como as correspondentes propostas de mellora, de ser o caso. Esta memoria entregáraselle á persoa titora da alumna ou do alumno.

Realízase unha revisión desta medida, por parte do equipo docente, coincidindo con cada sesión de avaliación, na que se deberá valorar, entre outras, a adopción doutras medidas de atención á diversidade que se consideren máis adecuadas para atender as necesidades da alumna ou do alumno, no caso de reincorporación parcial ou total ao centro docente.

Así mesmo, para o alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro docente por un período de tempo continuado superior a cinco días lectivos e non reciba atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente, coordinado polo profesorado titor, elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregáraselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais dese alumnado, preferiblemente por medios telemáticos, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo. Esta medida aplicarase, igualmente, ao alumnado que, por motivos de saúde, só poida asistir ao centro docente unha parte da xornada escolar e nun tempo continuado superior aos cinco días lectivos. Este alumnado contará co



correspondente informe médico e considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

A organización e a supervisión da atención educativa domiciliaria realizaranse polo Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente.

- **Atención educativa hospitalaria**

De conformidade co artigo 25.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días. O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

O profesorado da atención educativa hospitalaria informará a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado hospitalizado da existencia e das características dese servizo, no que o alumnado de longa e media hospitalización recibirá atención educativa en coordinación co centro docente, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas e lúdicas de carácter xeral. Igualmente, informará o Servizo Territorial de Inspección Educativa do seu horario, da coordinación cos centros docentes e do mantemento do vínculo coa aula ordinaria, da relación coas familias, da colaboración coas entidades e de todos os aspectos que considere de interese.

A atención educativa hospitalaria prestarase polo profesorado das aulas ou das unidades creadas ou autorizadas nos centros hospitalarios, a partir da solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado de media e longa hospitalización ao profesorado que atende esa unidade, achegando certificado médico no que figure a previsión do tempo de hospitalización.



O propio profesorado da unidade ou da aula hospitalaria remitirá unha copia dos documentos citados anteriormente ao centro docente de procedencia da alumna ou do alumno, no prazo máis breve posible.

A dirección do centro docente, por proposta do profesorado titor, remitirá ao profesorado da unidade ou da aula hospitalaria, cunha frecuencia quincenal, a proposta de actividades elaborada polo equipo docente da alumna ou do alumno para a aula ordinaria. A partir desa proposta, o profesorado da aula educativa hospitalaria elaborará o seu plan de traballo.

A avaliación dese alumnado e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro onde a alumna ou o alumno estean matriculados. Esas decisións considerarán a información facilitada polo profesorado da unidade ou da aula hospitalaria e seguirán os criterios xerais establecidos para cada nivel, ciclo ou etapa. En consecuencia, este profesorado remitirá ao centro docente da alumna ou do alumno, cunha periodicidade trimestral ou, segundo o caso, ao finalizar esa atención educativa, un informe relativo ao desenvolvemento do proceso educativo nese servizo e a correspondente valoración.

O alumnado autorizado para recibir atención educativa hospitalaria considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

Cando o alumnado beneficiario da atención educativa hospitalaria deba continuar a súa convalecencia no propio domicilio, poderá beneficiarse da atención educativa domiciliaria se cumpre os requisitos establecidos para esa atención. Nestes casos, o centro docente facilitará ao profesorado de atención educativa domiciliaria copia do informe do profesorado da atención educativa hospitalaria.

Ao finalizar cada curso escolar o profesorado da aula educativa hospitalaria elaborará unha memoria anual do traballo desenvolvido, que incluírá, entre outros aspectos, datos estatísticos do alumnado atendido e, de ser o caso, as propostas de mellora. Esta memoria será remitida ao Servizo Territorial de Inspección Educativa antes do 10 de xullo.



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá establecer convenios con centros hospitalarios para o desenvolvemento desta atención.

- **Atención educativa virtual**

Será destinatario desta atención educativa virtual o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o que as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia. Neste caso, proporán a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa correspondente.

A atención educativa ao alumnado que non poida asistir ao centro realizaraa o profesorado de cada área, materia, ámbito ou módulo do centro docente no que estea matriculado e, no caso de imposibilidade apreciada pola dirección do centro, polo equipo docente ou departamento didáctico correspondente.

No caso de que esta atención educativa non poida realizarse desde o centro docente, a dirección deberá comunicarllo ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, que analizará os horarios do persoal do centro e emitirá o correspondente informe á Xefatura Territorial, no cal se propondrá a atención educativa deste alumnado por parte do persoal do centro ou polo equipo provincial de atención virtual ao alumnado, ao que se refire a alínea e) deste punto.

No caso de proposta de atención polo equipo provincial de atención virtual, a Xefatura Territorial emitirá unha resolución que concretará a máxima asignación horaria en función da etapa educativa da alumna ou do alumno e a duración desa atención. A resolución comunicarase ao equipo provincial de atención virtual e ao centro docente, que dará traslado desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

O equipo provincial de atención virtual ao alumnado estará integrado por persoas profesionais docentes do corpo de mestres e mestrás, e do corpo de profesorado de ensino secundario, para atender o alumnado da educación básica regulada no artigo 3.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.





O alumnado da etapa de bacharelato que non poida ser atendido polo centro docente recibirá atención educativa na modalidade de educación a distancia mediante o traslado provisional de matrícula, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.

O alumnado autorizado a recibir atención educativa virtual considerárase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

No momento en que o alumno ou a alumna se incorporen ao ensino presencial no centro docente, a dirección deste centro deberá comunicarllo á Xefatura

### **8.-Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro (Artigo 67)**

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun **grupo de adquisición das linguas** e/ou nun **grupo de adaptación da competencia curricular** se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

A escolarización do alumnado procedente do estranxeiro realizarase segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos,

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a **avaliación inicial**, que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un **desfasamento curricular de máis de dous cursos**, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente.



Esta medida se aplicará en educación secundaria obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar esa etapa dentro dos límites de idade establecidos.

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

### **9.- Grupo de adquisición de linguas (Artigo 68)**

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos de alumnado que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que estea escolarizado.

O alumnado indicado no punto anterior poderá formar parte dun grupo de adquisición das linguas un **tempo máximo dun trimestre**, e o Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, antes de rematar o prazo para o que fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de **vinte e catro períodos lectivos semanais**. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente á medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

O profesorado encargado dos grupos de adquisición das linguas na educación secundaria obrigatoria pertencerá, preferentemente, ás especialidades de carácter lingüístico e deberá contar con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase



co profesorado titor do grupo ordinario ao que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A avaliación das aprendizaxes específicas no grupo de adquisición das linguas será continua, realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nel. Non obstante, as sesións de avaliación realizaranse segundo o procedemento xeral que prevé a normativa de cada etapa, e poderá asistir a esas sesións, con voz e sen voto, o profesorado que realizou a intervención específica nese grupo.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado que asista a un grupo de adquisición das linguas serán informadas polo profesorado titor sobre o seu progreso nas aprendizaxes específicas de tipo lingüístico, así como no relativo á súa inclusión no centro docente.

Para constituír un grupo de adquisición das linguas será necesaria a solicitude da dirección do centro docente ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente, achegando a seguinte documentación

- a) Informe xustificativo do profesorado titor.
- b) Relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso.
- c) Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- d) Acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais.
- e) Especificación do período de tempo para o que se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o que se propón.
- f) Programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo de adquisición das linguas.

Compete ao Servizo Territorial de Inspección Educativa a autorización do grupo de adquisición das linguas.

### **10.-Grupos de adaptación da competencia curricular. (Artigo 69)**

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos de alumnado de educación secundaria obrigatoria que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación curricular, presente un desfacemento curricular de dous ou máis cursos con



respecto ao que lle correspondería polo grupo no que estea escolarizado nas áreas ou materias instrumentais de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura, e de Matemáticas. A súa finalidade é contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo no que estea escolarizado.

Decidirase a conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando, a partir da avaliación inicial, realizada no momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo galego e que pode complementarse coa avaliación psicopedagóxica, se verifique o desfase curricular indicado no punto anterior e se considere a medida máis adecuada para a inclusión dese alumnado e para o seu desenvolvemento curricular.

A permanencia do alumnado nestes grupos, que se poderá estender **ao longo de todo o curso escolar**, levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas ou materias de carácter instrumental. Esta permanencia non poderá exceder de dez períodos lectivos semanais, nin abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou das materias coas que coincide. Non obstante, o alumnado incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que o equipo docente considere superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo nivel ou ciclo.

O profesorado que atenda estes grupos pertencerá, preferentemente, ás especialidades das materias instrumentais que se van desenvolver no referido grupo e deberá contar con dispoñibilidade horaria. Este profesorado manterá unha estreita coordinación co profesorado titor do grupo ordinario ao que pertencen a alumna ou o alumno, e contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación. Igualmente, asistirá ás sesións de avaliación do alumnado do grupo que atende, con voz e sen voto. A avaliación deste alumnado corresponde ao equipo docente do grupo ordinario.

A nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado que asiste a un grupo de adaptación da competencia curricular serán informadas polo profesorado titor sobre esta medida,



sobre o seu progreso na superación do desfasamento curricular e sobre a súa inclusión no centro docente.

Ademais destas medidas extraordinarias mencionadas e desenvolvidas, a Orde do 8 de setembro de 2021, contempla as seguintes que, por non seren tan habituais, de producirse, serán especificadas na Concreción anual do PXAD do curso no que se produzan:

**9.-Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal. (Artigo 63)**

**10.-Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela. (Artigo 64)**

**11.-Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. (Artigo 65)**

**12.-Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes. (Artigo 66)**

**13.-Atención educativa a mozas embarazadas. (Artigo 70)**

## **5.-DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN** **E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS** **MEDIDAS PROPOSTAS.**

*\*Os criterios a seguir virán dados polas suxestións dos xefes e xefas dos distintos departamentos na CCP e tendo en conta os recursos persoais, de espazo (aulas, biblioteca...) e materiais (ordenadores, canóns, encerados dixitais...) cos que conta o centro e o equipo directivo á hora de elaborar os horarios, grupos e espazos .*



❖ **Principios:**

- Normalización e inclusión
- Equidade
- Igualdade de oportunidade e non discriminación
- Flexibilidade e accesibilidade
- Interculturalidade e promoción da convivencia
- Prevención e atención personalizada
- Equilibrio entre a educación común e a atención á diversidade. Deberá atenderse de forma equilibrada a todo o alumnado, e a todas as NEAE.
- Consideración da diversidade como un elemento enriquecedor.

❖ **Criterios prioritarios:**

- Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores ou por resultaren insuficientes. As medidas deben organizarse ao longo dun continuo de respostas educativas ás necesidades do alumnado, desde as máis ordinarias ás máis extraordinarias.
- As medidas de atención á diversidade organizaranse dentro do horario xeral do instituto ou cando este permaneza aberto, a través do uso flexible dos recursos persoais, dos espazos e dos medios dispoñibles.
- A aplicación, organización e distribución das medidas propostas dependerá, en primeiro lugar, da dispoñibilidade dos recursos persoais (horario da especialista PT, profesorado con dispoñibilidade horaria, de espazos adecuados e aulas libres no caso das medidas de carácter grupal, e da posibilidade de contar cos recursos materiais e medios tecnolóxicos e audiovisuais apropiados.
- Tamén dependerá do tipo de dificultades e necesidades que se detecten ao inicio de cada curso e da valoración do tipo de medidas máis axeitadas para atendelas. No caso de propoñer medidas de carácter



organizativo que supoñan a formación de grupos, dependerá de que exista un número de alumnos/as suficiente cun perfil apropiado para poñelas en práctica.

- Flexibilidade curricular e organizativa na aplicación das medidas, tanto ordinarias como extraordinarias, cando se detecten novas necesidades educativas, en calquera momento do curso para favorecer o acceso ao currículo de todo o alumnado mediante a organización adecuada dos recursos materiais e persoais do centro.
- A aplicación das medidas extraordinarias desenvolveranse coa familia e o alumnado “informado”.

❖ **Criterios para as medidas de carácter ordinario:**

- A maioría das **medidas de carácter ordinario** pode desenvolvelas o profesorado na súa aula, informando ao titor/a e ás familias, seguindo os criterios establecidos nos departamentos correspondentes e neste PXAD. Priorizar as medidas de carácter organizativo (desdobres, agrupamentos, grupos de reforzo e recuperación de pendentes...) así como os apoios e reforzos individualizados nos primeiros cursos de ESO.
- Na formación dos grupos, atendendo aos recursos dispoñibles tanto persoais coma organizativos, terase en conta o **reparto equilibrado** de alumnado con NEAE, tratando sempre de crear **grupos heteroxéneos** en canto ás necesidades.
- A finalidade dunha gran parte das medidas de apoio educativo será reforzar as materias de carácter instrumental (linguas e matemáticas), incidindo na consecución e dominio das competencias básicas das mesmas.



## ❖ Criterios para as medidas de carácter extraordinario:

### ➤ ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Os criterios para a elaboración ou continuidade dunha AC son os seguintes:

- Alumnado que veña cunha AC vixente de Educación Primaria.
- Alumnado que veña con proposta de AC de EP ou do curso pasado.
- Na avaliación inicial valorarase se hai desfase curricular e será o profesor/a da materia a adaptar o que tome a decisión de realizala, despois de avaliar e coñecer o nivel competencial e o informe psicopedagóxico do alumno/a.

### ➤ AGRUPAMENTOS FLEXIBLES.

Os criterios para formar un agrupamento flexible serán os seguintes:

- O alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.
- Dirixida a alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias que **non sexan derivadas da falta de estudo ou problemas de conduta.**

### ➤ APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PT.

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado que lle imparte o apoio ou reforzo (PT) e aprobada por xefatura de estudos.

Os alumnos con NEAE recibirán atención directa por parte dos profesores do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso e así o solicitan, do profesorado de apoio na propia aula.

**Excepcionalmente**, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente





temporalizadas, fóra da aula. A decisión deste tipo de intervención será consensuada entre a PT e o profesor da materia adaptada.

O alumno con NEAE será atendido pola profesora de PT. A valoración psicopedagóxica da orientadora debe preceder á intervención da profesora de PT.

Os **criterios para establecer o apoio por parte da PT** serán os seguintes:

- Atención prioritaria a alumnado con AC.
- Apoiarase, preferentemente, nas materias instrumentais.
- Apoiarase de xeito preferente 1º e 2º de ESO e despois 3º e 4º de ESO.
- A profesora de PT atenderá aos alumnos con NEE, sen prexuízo de que atenda outro alumnado con NEAE se ten dispoñibilidade horaria, preferentemente, dentro da aula. A meirande parte deles están exentos da segunda lingua estranxeira (francés/alemán), o que facilita a súa atención educativa individualizada, aproveitando esas sesións. Así, os alumnos con NEAE, exentos da 2ª lingua estranxeira, recibirán reforzo educativo por parte da PT.
- Sairá da aula ordinaria para traballar o seu currículo adaptado (alumnado con AC ou outras necesidades) *un máximo da terceira parte do tempo establecido oficialmente a cada materia.*
- O horario no que o alumnado sairá da aula será consensuado co profesorado que imparta a materia no grupo, e pode ser flexible no tempo, incorporándose ao grupo clase cando se decida que non precisa o apoio ou que non o aproveita debidamente.
- Por ausencia temporal da profesora de PT, a causa dun imprevisto, o alumnado que tivera que ter atendido nese horario, se incorporará a súa aula de referencia, co seu material específico, e supervisará o seu traballo o profesorado da propia materia.



- Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que non precisa adaptación do currículo (TDAH, dislexias, TEA, dificultades de aprendizaxe...) a PT poderá e deberá apoiar/reforzar a este alumnado dentro da aula, sempre en coordinación co profesorado da materia de que se trate que será o responsable de levar adiante os programas de reforzo ou recuperación, o seguimento e avaliación do seu alumnado.

➤ **PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR.-**

O alumnado deberá cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos:

- a) Ser alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades de aprendizaxe.
- b) Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultades detectadas.
- c) Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- d) Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Para poder ser proposto para a incorporación a este programa o alumnado deberá atoparse nalguna das seguintes situacións:

- a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.
- b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.



c) Ter repetido o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo.

d) Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

❖ **Outros criterios:**

- Nas medidas organizativas será fundamentalmente o equipo directivo e a xefatura de estudos en concreto, quen facilite a posta en marcha das medidas que lle propoñan, dispoñendo de persoal e espazos para o seu desenvolvemento.
- Nas medidas curriculares será a xunta de avaliación (na avaliación inicial e/ou as trimestrais), e o profesorado titor, asesorado polo DO, quen realice a proposta da selección do alumnado susceptible de recibir algunha medida de atención específica.
- O deseño dos programas (reforzo, recuperación, específico individualizado...) corresponderá aos departamentos didácticos, mentres que o seguimento e avaliación dos mesmos corresponderá ao profesorado que o impartiu en coordinación co departamento didáctico que o elaborou.



## **6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO:**

### **6.1.- Equipo directivo.**

- Organizar, ao principio de curso, os grupos en función das necesidades de atención á diversidade e dos posibles problemas de convivencia.
- Incorporar a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual e velar polo seu cumprimento, avaliación e memoria.
- Coordinar todas as actuacións precisas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na “Proposta de concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade”.
- Velar polo cumprimento de todas as actuacións establecidas neste Plan.

### **6.2.- Departamento de Orientación:**

- ❖ Xefatura do departamento (segundo o Decreto 120/1998 e a Circular 10/2010)
  - Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas de organización da orientación e do plano de acción tutorial do centro. Responsabilizarse da redacción da concreción anual e seguimento do PAD ,do plan de actividades do departamento e da memoria final.
  - Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría que o profesorado realiza no centro co seu alumnado.
  - Colaborar na pronta detección de dificultades ou problemas educativos de desenvolvemento ou aprendizaxe, que presentan o alumnado, e na rápida intervención para tratar de remedialos



- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral, nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEAE.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con NEAE
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, e se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.
- Deseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica e dalos a coñecer á comunidade educativa.
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- Participar nas sesión de avaliación para o deseño , desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan as respostas educativas.
- Coordinar, en colaboración coa profesora de apoio, a atención do alumnado con NEAE.
- Elevar a proposta á xefatura de estudos da atención deste alumnado.



- Coordinarse cos servizos de orientación específicos.

❖ Profesora de pedagogía terapéutica (PT).

A profesora especialista en Pedagogía Terapéutica, ademais das función que lle competen como membro do DO, desenvolverá as seguintes función:

- Asistir ás reunión da CCP e colaborar con ela na elaboración do plan de actuación con respecto do alumnado con NEAE.
- Orientar ao profesorado que lle imparta docencia ao alumnado con NEAE.
- Colaborar co profesorado titor e co resto do profesorado na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, e se é o caso, daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con NEAE.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con NEAE.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEAE.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con NEAE que así o requira.
- Aqueloutras función que a administración educativa lle poida asignar no ámbito de apoio ao alumnado con NEAE.

### **6.3.- Titores/as**

O titor/a , como primeiro nivel de concreción da orientación educativa, convértese na principal figura para a detección temperá de posibles necesidades do alumnado. Así,



xunto co departamento de orientación traballarán de maneira coordinada na detección de NEAE e a decisión sobre a resposta educativa máis axeitada . As súas funcións serán as seguintes:

- Realizar una avaliación inicial individualizada a principio de curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e as actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa de estudos, contando coa colaboración do D.O.
- Seguimento das medidas de atención á diversidade propostas para cada alumno/a coa colaboración do profesorado do seu grupo, a especialista de pedagogía terapéutica e coa orientadora.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

#### **6.4-Departamentos didácticos.**

Os diferentes departamentos didácticos deste IES colaboraron na elaboración deste Plan de Atención á Diversidade coas súas propostas curriculares incorporadas á concreción curricular de área e á concreción xeral anual. En xeral, as propostas didácticas dos departamentos inclúen as seguintes liñas de actuación:

- Análise inicial de cada alumno individualmente a fin de detectar dificultades, nivel xeral en relación a cada materia, estilos de aprendizaxe, capacidade de aprender a aprender, motivación para aprender, intereses, etc, que permitan un coñecemento básico do mesmo.



- Establecemento dos contidos mínimos baseados nos obxectivos e competencias básicas que debe conseguir o alumnado de apoio e reforzo.
- Avaliación continua tanto do proceso de aprendizaxe como dos resultados do mesmo en relación con cada alumno respecto da súa avaliación inicial.
- Actividades de reforzo e consolidación para alumnos que presenten dificultades específicas en cada área, tratando de potenciar a autonomía e progresión nas aprendizaxes
- Na medida do posible e contando cos recursos organizativos en canto á distribución dos horarios do profesorado, tratarase de realizar reunións mensuais cos titores de cada grupo e o Departamento de Orientación, para tratar a atención á diversidade, horario que debería quedar reflexado na organización do Centro, priorizando os grupos de 1º e 2º de ESO.

## **7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS**

A coordinación representa unha condición indispensable para levar a cabo a tarefa educadora que pola súa dimensión social, implica o establecemento de continuas interaccións entre os distintos axentes que nela participan.

### ➤ **Mecanismos de coordinación e colaboración internos.**

A coordinación dentro do propio centro realizarase de forma permanente.

En canto aos alumnos, nun primeiro momento a través do equipo docente na avaliación inicial, onde se propón aos alumnos que poidan precisar un maior axuste ao seu proceso de ensinanza e aprendizaxe (baseándose, sobre todo, nas informacións de cursos anteriores) para que o departamento de orientación avalíe as posibles necesidades e propoña as medidas máis axeitadas a cada caso.





Ao longo do curso, nas avaliacións trimestrais e a través do seguimento de cada alumno e alumna, debaterase nas xuntas de avaliación a conveniencia de seguir cos apoios, modificalos ou eliminalos.

En canto ao PAD :

- **Equipo directivo.** Responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan.
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica.** Órgano de coordinación docente que marca as directrices para a elaboración, seguimento e avaliación do plan que será aprobado polo claustro de profesores.
- **Departamento de orientación.** Encargado da elaboración do PAD e da súa concreción anual, que deberá formar parte da Programación Xeral Anual.
- **Departamentos didácticos.** Implica a colaboración de todos os membros no seguimento global do alumnado coa labor preventiva e de establecemento de medidas necesarias para unha resposta o máis axeitada ás necesidades do alumnado.
- **Titor/a.** Figura encargada de asumir a coordinación do profesorado do seu grupo coa colaboración e asesoramento do DO.

➤ **Centros adscritos**

A coordinación cos centros adscritos realizarase mediante reunións trimestrais, previstas no Plan de Orientación, do DO coa orientadora de dito centro para:

- Propoñer actuacións conxuntas a realizar.
- Avaliar conxuntamente as actuacións realizadas e reflectidas no plan anual, para que sirvan de punto de partida a novas actuacións.
- Determinar o procedemento para a exención da 2ª lingua estranxeira
- Facilitar o intercambio de información sobre alumnos con NEAE
- Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación de ambos departamentos.
- Facilitar a transición do alumnado do último curso de primaria a 1º ESO.



## 8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO-

### ❖ Colaboración cos pais, nais ou titores legais do alumnado.

- Xornadas de **portas abertas** ás familias (antes do inicio das clases organizarase una xornada dirixida ás familias do alumnado de 1º ESO)
- **Entrevistas** persoais coas mesmas (do profesorado titor, xefatura de estudos, orientadora ou profesorado de área específica).
- **Reunións** grupais do **titor** ou titora a principio de curso, na ESO e no bacharelato coa colaboración do equipo directivo e da orientadora.
- **Reunións** grupais da **orientadora** e equipo directivo cos alumnos 4º ESO e Bacharelato para proporcionar información e orientación académica.
- Reunións grupais puntuais convocadas ao longo do curso polos titores ou titoras cando hai que informar de actividades extraescolares, da marcha do curso, saídas do centro, excursións ou asuntos varios. En función da temática a tratar pode asistir tamén algún representante da dirección do centro ou a orientadora.
- **Comunicacións** telefónica ou vía correo electrónico para concertar citas, faltas de asistencia, algunha información relevante ou incidencia xurdida...
- Atención e asesoramento da orientadora do centro aos pais, nais ou titores legais do alumnado do centro e especialmente ao alumnado con NEAE
- Comunicacións a través do alumnado de circulares con diferente temática.
- Información xeral da actividade do DO e máis concretamente de medidas de atención á diversidade e dos protocolos da consellería á ANPA



### ❖ Colaboración cos servizos externos.

A colaboración cos servizos externos é permanente e realízase puntualmente en función da temática a tratar e das necesidades do alumnado.

- **EOE** (Equipo de Orientación Específico de A Coruña) seguindo as instrucións e modelo de derivación que empregan para todos os centros educativos.
- **Unidade de Saúde Mental infanto-xuvenil**, seguindo o protocolo específico elaborado por eles para a remisión e seguimento de alumnos.
- **Especialistas externos** e privados (psicólogos, psiquiatras, logopedas...) que atenden ao noso alumnado, tras autorización firmada da familia para o intercambio de información.
- **Concello** de A Coruña:
  - *Servizos Sociais*, seguindo o protocolo que elaboran para a remisión de alumnos inmigrantes e desfavorecidos socialmente, absentismo escolar...
  - *Policía local* para alumnado que non asiste a clase por quedarse fóra do centro.
- Diferentes **organismos** e **asociacións** externas ao centro que realizan actividades de apoio educativo e outras actividades de ocio e tempo libre saudable (Cruz Vermella, Fundación Amigó, Asociación INGADA, CMIX, UDC, USC, etc)



## **9.-PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.-**

Para solicitar unha medida extraordinaria de atención á diversidade seguirase o seguinte proceso:

- Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno/a, expresada mediante un informe individualizado, elaborada pola titor/a que será remitido ao DO e no que fará constar: a competencia curricular do/a alumno/a, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade ordinarias aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o/a alumno/a sexa obxecto de medidas extraordinarias.
- A xefatura do departamento de orientación procederá a realizar un informe no que se incluírán as conclusións da avaliación psicopedagóxica, as reunións cos pais, nais ou titores legais, para formularlles a conveniencia da resposta educativa en base ás medidas de atención á diversidade. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais ou representantes legais.
- Unha comisión formada pola xefatura de estudos, a xefatura do DO e o/a titor/a do/a alumno/a (pode participar tamén o equipo do profesorado implicado) valorará os informes emitidos e tomará a decisión conveniente sobre a solicitude de dita medida.
- Envío da proposta ao servizo provincial de Inspección educativa para a súa autorización.

### **PROTOCOLOS OU MODELOS DE SOLICITUDE:**

- Actas de acordos das diferentes xuntas de avaliación sobre medidas de atención á diversidade e outras intervencións do departamento de orientación
- Solicitude de intervención ao departamento de orientación (**modelo anexo**)



- Solicitude de valoración psicopedagóxica por parte dos titores na xunta de avaliación ou a través de petición por escrito (**modelo anexo**)
- Información ás familias das medidas adoptadas (**modelo anexo**)
- Protocolos de actuación do EOE: instrucións e formulario de derivación (**modelo anexo**)
- Protocolos de actuación das unidades de saúde mental infantil: formularios de derivación e seguimento (**modelo anexo**)

## **10.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

Seguindo o establecido no Decreto 229/2011, o seguimento e avaliación do PXAD constituirá o proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade, polo que deberase establecer o procedemento, a temporalización, os indicadores e as persoas responsables dos citados procesos.

### **Para que avaliar:**

- Para contribuír á mellora da calidade e equidade da educación
- Para aumentar a transparencia e eficacia das medidas de atención á diversidade.
- Para valorar o grao de cumprimento de obxectivos en relación coas necesidades específicas de apoio educativo
- Para a difusión dos resultados acadados.
- Para aportar información e fundamentar unha proposta de mellora.

### **Que avaliar ou criterios de avaliación:**

- Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados
- Nivel de participación da comunidade educativa.
- Nivel de participación do Departamento de Orientación.
- Grao de adecuación do plan ás necesidades detectadas.
- Grao de eficacia na identificación das necesidades reais.
- Análise dos resultados da avaliación inicial.
- Adecuación dos resultados humanos e materias ás necesidades detectadas.
- Participación e implicación da comunidade educativa no desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.



- Implicación da xefatura DO, PT, titores, equipo directivo, CCP, equipos docentes, departamentos didácticos na ampliación das medidas.
- Grao de aplicabilidade dos protocolos.
- Satisfacción cos selección do alumnado para cada medida.
- Acerto cos criterios para a selección do alumnado (perfis).
- Resultados das distintas medidas e aplicación duns criterios de éxito.
- Consecución dos obxectivos propostos de cada medida.
- Grao de satisfacción dos implicados (alumnos/as, profesores/as e familias)
- Coñecemento dos distintos procedementos pola comunidade educativa.
- Nivel de satisfacción coas solucións propostas ás dificultades que xurdiron.

### **Cando avaliar:**

- Eficacia sentida das diferentes medidas desenvoltas.
- Avaliación **inicial**: trátase da avaliación de necesidades educativas da que parten as actuacións deseñadas.
- Avaliación **continua**: trátase do seguimento da implementación da Concreción anual que se realice do plan xeral de atención á diversidade. Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e, máis concretamente das medidas de atención á diversidade que se estean a desenvolver, para introducir os axustes necesarios.
- Avaliación **final**: para contrastar o nivel de logro dos obxectivos. Culmina coa elaboración dunha memoria que formará parte da memoria do plan de orientación, que supón unha síntese dos datos recollidos polos implicados, para fundamentar unha proposta de mellora que constituirá un referente fundamental para a toma de decisións para o vindeiro curso, incluírase na Memoria Anual do Centro. Esta información, xunto coas novas necesidades detectadas, axudarán a realizar a concreción anual de vindeiro curso do Plan Xeral de atención á Diversidade.

### **Quen avalía:**

Todos os sectores implicados, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán participar nos procesos de seguimento e avaliación do plan: o equipo directivo, claustro, a CCP, departamentos didácticos, titores e equipos docentes, os membros do DO, o alumnado, familias e os outros axentes implicados nas accións orientadoras do centro.



### **Como avaliar:**

As persoas e os equipos responsables da elaboración deste plan e dos diferentes programas ou plans que se leven a cabo (ex. Agrupamentos flexibles, PDC...) tendo en conta os indicadores de seguimento e avaliación, deberán deseñar os instrumentos axeitados para a recollida de información dos diferentes sectores da comunidade educativa.

Empregaremos a complementariedade de técnicas, cualitativas e cuantitativas, dando sempre preferencia ás máis próximas á práctica educativa real. Destacamos así mesmo a necesidade de triangular para contrastar a información utilizando diversas fontes.

Utilizaremos os seguintes **instrumentos**: observación participante, entrevistas, cuestionarios, análise de documentos, cadernos de titoría, protocolos cumprimentados, datos e análise dos resultados académicos, información recollida nas reunións do DO, datos recollidos nas xuntas de avaliación, nas postas en común nas CCP e nas reunións dos departamentos didácticos.



## ANEXOS

### I.- PROTOCOLOS

- Solicitud de intervención ao Departamento de Orientación para as familias **(modelo)**
- Solicitud de valoración psicopedagóxica por parte dos titores na xunta de avaliación ou a través de petición por escrito **(modelo)**
- Información ás familias das medidas adoptadas **(modelos)**
- Informe individualizado de recuperación (3ª avaliación)
- Informe individualizado de final de curso (avaliación final)
- Informe individualizado de alumnado para incorporación a un Programa de Diversificación Curricular.
- Protocolos de actuación do EOE: instrucións e formulario de derivación **(modelo)**
- Protocolos de actuación das unidades de saúde mental infantil: formularios de derivación e seguimento **(modelo)**

### II.- CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD





## **SOLICITUDE DE VALORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (Familias)**

D./Dña \_\_\_\_\_, pai/ nai/ titor/a legal do alumno \_\_\_\_\_, escolarizado no IES Salvador de Madariaga, solicita a intervención do Departamento de Orientación en relación aos seguintes aspectos:

1.- MOTIVA DA DEMANDA (dificultades ou problemas observados en calquera área: familiar, escolar, social, de adaptación.....)

2.- ASPECTOS AOS QUE ESTÁ AFECTANDO (rendemento académico, desenvolvemento persoal, relacións sociais no IES, na familia, cos amigos.....)

3.- DATOS QUE SE CONSIDEREN RELEVANTES ÁS DIFICULTADES DETECTADAS (datos físicos e de saúde, do entorno sociofamiliar, grao de aprendizaxe na aula, adaptación persoal e social, integración no grupo clase.....)

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo.



## **SOLICITUDE DE VALORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (Titores/as)**

Nome do profesor/a titor/a do alumno/a: \_\_\_\_\_

### 1.- DATOS DO ALUMNO/A:

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_

2.- MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA (dificultades ou problemas observados nas diferentes áreas curriculares)

3.- ASPECTOS AOS QUE ESTÁ AFECTANDO (rendemento académico, desenvolvemento persoal, relacións sociais no centro, outros)

4.- COMPETENCIA CURRICULAR, MOTIVACIÓN E ESTILOS DE APRENDIZAXE

5.- MEDIDAS EDUCATIVAS ADOPTADAS (neste curso e nos anteriores e valoración das mesmas)

6.- DATOS QUE SE CONSIDEREN ELEVANTES AO PROBLEMA EN CUESTIÓN (datos físicos e de saúde, do entorno sociofamiliar, grao de adquisición de competencias, adaptación persoal e social, integración no grupo clase, etc)

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo.



## INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

D./Dna. \_\_\_\_\_

titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_

segundo o recollido na Orde 8 de Setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado cos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación, no seu artigo 55.5 indica que *“cando un alumna ou alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito”*, polo tanto,

POLA PRESENTE, INFORMA que o equipo de profesores do alumno/a decidiu realizar unha adaptación curricular nas áreas de:

- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_

A Coruña, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo. (O titor/a)

\_\_\_\_\_  
 D./Dna \_\_\_\_\_

como nai/ pai/ titor/a legal do alumno/a \_\_\_\_\_

recibín esta comunicación.

A Coruña, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo.:



## INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE OS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR.

D./Dña. \_\_\_\_\_

titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_

segundo o recollido na Orde 8 de Setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado cos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación, no seu artigo 61 indica “a necesidade de contar coa opinión da nai, pai ou das persoas titoras da medida proposta”, polo tanto,

POLA PRESENTE, INFORMA que o equipo de profesores do alumno/a, consideraron a conveniencia de que o seu fillo se incorpore a un Programa de Diversificación Curricular para cursar \_\_\_\_\_ de ESO e acadar o máximo aproveitamento da etapa.

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo. (O titor/a)

D./Dña \_\_\_\_\_

como nai/ pai/ titor/a legal do alumno/a manifesto a miña:

- CONFORMIDADE
- NON CONFORMIDADE

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo.:

*(Entregar asinada ao titor/a quen entregará unha copia á Orientadora)*



## CONFORMIDADE EXPRESA DAS FAMILIAS SOBRE A INCORPORACIÓN A UN AGRUPAMENTO FLEXIBLE

D./Dña. \_\_\_\_\_  
titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_

segundo o recollido na Orde 8 de Setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado cos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación, no seu artigo 56 indica “*información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa*”, polo tanto,

POLA PRESENTE, INFORMA que o equipo de profesores do alumno/a, consideraron a conveniencia de que o seu fillo se incorpore a un Agrupamento Flexible na materia de \_\_\_\_\_ durante o curso 20\_\_-20\_\_

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.  
Asdo. (O titor/a)

D./Dña \_\_\_\_\_

como nai/ pai/ titor/a legal do alumno/a manifesto a miña:

- CONFORMIDADE
- NON CONFORMIDADE

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.  
Asdo.:

*(Entregar asinada ao titor/a quen entregará unha copia á Orientadora)*



## **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.**

O/A alumno/a \_\_\_\_\_

- Presentou dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas.
- O equipo educativo propón como medida de atención á diversidade a exención de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira na Educación Secundaria Obrigatoria.
- Recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.
- No seus documentos de avaliación figurará con mención de exento/a.

Tras a conversa mantida coa xefatura do Departamento de Orientación do IES Salvador de Madariaga, e valorando a situación académica do meu fillo/a:

D./Dña \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

Pai/ na/ titor legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_

Manifesto que fun informado de dita medida de atención á diversidade.

En A Coruña, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_\_

Asdo:

*(Entregar asinada ao titor/a quen entregará unha copia á Orientadora)*



## **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE O APOIO DA PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

D./Dña \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
 con domicilio en \_\_\_\_\_, como pai/  
 nai / titor/a legal do alumno/a \_\_\_\_\_,  
 escolarizado neste centro no curso \_\_\_\_\_.

EXPÓN:

Que foi informado/a de forma axeitada e, en consecuencia, manifesta a súa conformidade, tal e como prevé a lexislación vixente, da proposta de apoio de Pedagogía Terapéutica nas seguintes materias:

- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_\_

Asdo:

*(Entregar asinada ao titor/a quen entregará unha copia á Orientadora)*



## **PROPOSTA DO ALUMNADO PARA INCORPORACIÓN A PDC**

**CURSO:** 20\_\_ - 20\_\_

### **DATOS DA ALUMNA OU ALUMNO**

**Apelidos:**..... **Nome:** .....

**Grupo:** .....

**TITOR/ A:**

.....

### **1. COMPETENCIA CURRICULAR EN CADA MATERIA**

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

### **2. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE DETECTADAS**

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....





### 3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS DURANTE O CURSO 20....-20.....

- Medidas organizativas e metodolóxicas:**
  - Explicacións individualizadas**
  - Actividades de apoio e/ou reforzo**
  - Adaptación nas formas e/ou instrumentos de avaliación**
  - Adaptación de tempos**
  - Adaptación de espazos (organización da aula)**
  - Outras: .....**
  
- Reforzo**
- Agrupamento**
- Adaptación Curricular**
- Grupo de Adquisición de linguas**
- Grupo de Adaptación da Competencia Curricular**
- Programa de Diversificación Curricular:**
- Exención da 2ª Lingua Estranxeira**
- Apoio Profesor/a especialista en Pedagogía Terapéutica:**
  - ..... horas semanais
  - Dentro / Fóra da aula
- Outras: .....**



**4. PROPOSTA RAZOADA DE MOTIVOS PARA A INCORPORACIÓN A UN**

**PDC**

**DO/A**

**ALUMNO/A:**.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**A Coruña, a ..... de xuño..... de 20.....**

**O/A titor/a**

**Asdo.: .....**



## INFORME DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADO

**Materia:**  
**Profesor/a da materia:**

**Alumno:**  
**Curso:**  
**Grupo:**

### Partes sen superar da materia ou ámbito

--

### Actividades de recuperación previstas

--

### Observacións (se procede)

--

En A Coruña, ..... de xuño de 2022.

Asdo.



## INFORME INDIVIDUALIZADO FINAL DE CURSO

<b>Alumo/a:</b>	<b>Curso:</b>
<b>DNI:</b>	<b>Grupo:</b>
<b>Data nacemento:</b>	<b>Materia:</b>
<b>Nº Exp.:</b>	<b>Profesor/a:</b>

### 1. ASPECTOS NON ACADADOS:

#### a) OBXECTIVOS

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

#### b) TRABALLO

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

#### c) OUTROS

- .....
- .....
- .....
- .....

### 2. COMPETENCIAS NON ACADADAS:

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....



### **3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DURANTE O CURSO 20.... – 20.....**

- Medidas organizativas e metodolóxicas:**
  - Explicacións individualizadas**
  - Actividades de apoio e/ou reforzo**
  - Adaptación nas formas e/ou instrumentos de avaliación**
  - Adaptación de tempos**
  - Adaptación de espazos (organización da aula)**
  - Outras: .....**
  
- Reforzo**
- Agrupamento**
- Adaptación Curricular**
- Grupo de Adquisición de Linguas**
- Grupo de Adaptación da Competencia Curricular**
- Programa de Diversificación Curricular**
- Exención da 2ª Lingua Estranxeira**
- Apoio Profesor/a especialista en Pedagogía Terapéutica**
  - ..... horas semanas
  - Dentro / Fóra da aula
- Outras: .....**

A Coruña, a ..... de xuño de 20....

O/A Profesor/a da materia.

Asdo.: .....

# FICHA PARA SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO (EOE)

Destinatario EOE de

Don/Dona  en calidade de   
do centro  co teléfono de contacto   
e co correo electrónico  @edu.xunta.es.

**SOLICITA** a intervención do/a especialista de:

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> Audición e Linguaxe   | <input type="checkbox"/> Discapacidades Motoras     | <input type="checkbox"/> Traballo Social        |
| <input type="checkbox"/> Trastornos de Conduta | <input type="checkbox"/> Sobredotación Intelectual  | <input type="checkbox"/> Or. Vocacional e Prof. |
| <input type="checkbox"/> Discaps. Sensoriais   | <input type="checkbox"/> TXD (Tr. Espectro Autista) | <input type="checkbox"/> Sen especificar        |

Polo seguinte **MOTIVO**:

- Asesoramento e apoio ao departamento de orientación.
- Información sobre recursos e materiais para responder ás necesidades educativas.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica por estimar necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.
- Contribuir á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.
- Colaborar con outros servizos educativos e sociais no ámbito das competencias da especialidade.
- Outras (especificar)

## NO CASO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN:**

Apelidos e Nome:  Data de nacemento:

A familia autoriza esta intervención:

Teléfono contacto coa familia

**DATOS ESCOLARES:**

Está escolarizado/a no Centro

Etapa  Ciclo  Nivel/curso

sendo o/a seu/súa profesor/a titor/a

Teléfono do centro

\* **Axuntarase informe psicopedagóxico do Departamento de Orientación.**

\* O Documento unha vez impreso deberá ser asinado e remitido segundo o procedemento establecido para o efecto.

## ACTUACIÓNS REALIZADAS DESDE O CENTRO EDUCATIVO

### ALUMNADO

- Avaliación psicopedagóxica
- Reforzo educativo
- Repetición
- Flexibilización
- Adaptación curricular
- Outras (especificar)

### PROFESORADO

- Asesoramento
- Formación
- Pautas de actuación
- Outras (especificar)

### FAMILIA

- Asesoramento
- Pautas de actuación
- Outras (especificar)

## INTERVENCIÓNS DE SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

- SERGAS
- Saúde mental
- Asociacións
- Atención temperá
- Entidades privadas
- Outras (especificar)

### APROXIMACIÓN DIAGNÓSTICA: (Síntese da avaliación psicopedagóxica e información relevante)

### ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA AO E.O.E. (Tanto se a solicitude de intervención é de tipo xeral como individual)

En

Vº e Prace do/a O/A Director/a

O/A Xefe/a do Departamento de Orientación

Vº e Prace do/a Inspector/a do Centro

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

(selo do Centro)

**\* Axuntarase informe psicopedagóxico do Departamento de Orientación.**

\* O Documento unha vez impreso deberá ser asinado e remitido segundo o procedemento establecido para o efecto.

# **PROTOCOLO DE DERIVACIÓN Á UNIDADE DE SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL**

*Informe educativo confidencial do alumno/a, que se entregará aos pais ou titores legais para a súa derivación ao médico pediatra e á Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil.*

## **1. DATOS DO ALUMNO OU DA ALUMNA**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Teléfono de contacto:

Centro escolar:

Nivel educativo:

## **2. MOTIVO DA DERIVACIÓN**

## **3. SÍNTESE DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (xúntase informe)**

## **4. INTERVENCIÓNS REALIZADAS (psicopedagóxicas, curriculares, organizativas, familiares, etc..)**

## **5. COORDINACIÓN CON OUTROS SERVIZOS (sociais, sanitarios, educativos...)**

5.1. Profesionais que participaron na intervención:

5.2. Acordos adoptados:

En .....a ..... de .....de 20....

Vº e Pr. do/a Director/a,

O/a titor/a,

O/a Orientador/a,

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:



## GUÍA DE ELABORACIÓN PARA OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN

➤ *Ofrecemos aquí, de xeito orientativo, algúns dos aspectos que poden ir en cada apartado:*

### 2.- Motivo da derivación

Especificación da demanda: xustificación pola que se fai a derivación, unha vez adoptadas as medidas educativas de atención á diversidade.

### 3.- Síntese da avaliación psicopedagóxica

Descrición das circunstancias do caso: aqueles datos pertinentes extraídos do informe psicopedagóxico anexo.

O informe psicopedagóxico debe ir anexo a este documento e debe incluír os apartados prescritos na Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas non NEE.


### 4.- Intervencións realizadas

- **Psicopedagóxicas** (Programas de prevención/intervención, técnicas de modificación de conduta, formación en habilidades sociais, educación emocional...)
- **Curriculares** (Reforzos, Adaptacións Curriculares Significativas, Metodoloxía, Avaliación, materiais...)
- **Organizativas** (apoios dentro/fóra da aula, desdobres, agrupamentos flexibles, localización na aula, titoría entre iguais, información/asesoramento ao profesorado, unificación de criterios, aula de convivencia...)
- **Familiares** (facilitación de pautas/criterios, entrevistas periódicas, asesoramento, axenda escolar...)
- **Outras** (especificar)

### 5.- Coordinación con outros servizos (sociais, sanitarios, educativos...)

Especificar os profesionais que participaron na intervención e os acordos previos adoptados e compromisos no ámbito escolar e familiar.

## PROCEDEMENTO PARA O TRASPASO DE INFORMACIÓN





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Paseo de Ronda, 49. 15011 A Coruña  
Tel.: 881960235 Fax: 881960242  
e-mail: [ies.salvador.madariaga@edu.xunta.gal](mailto:ies.salvador.madariaga@edu.xunta.gal)  
[www.edu.xunta.gal/centros/lessalvadormadariaga](http://www.edu.xunta.gal/centros/lessalvadormadariaga)



***Plan Xeral de Atención á Diversidade***  
***aprobado en Claustro con data 2 de Xuño de***  
***2022.***

***Departamento de Orientación do IES Salvador de Madariaga***